

 ATE
NEO·D
SANT
IAGO

 ATE
NEO·D
SANT
IAGO

 ATE
NEO·D
SANT
IAGO

 ATE
NEO·D
SANT
IAGO

ESTATUTOS DO ATENEO DE SANTIAGO

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artigo 1. Coa denominación “ATENEO DE SANTIAGO” constitúese unha Asociación ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e das normas complementarias, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. Esta Asociación ten como fins:

- a) A promoción e difusión da educación, a ciencia e a cultura no seu máis amplo sentido, considerando o seu fondo carácter liberador.
- b) A difusión, desenvolvemento e control do exercicio dos dereitos humanos, cívicos e sociais.
- c) A penetración dos valores democráticos nunha sociedade civil aberta e progresista.
- d) A contribución á mellora do coñecemento dos grandes problemas que se orixinan no ámbito da globalización nos planos social, medioambiental, económico e político-institucional.
- e) Todos aqueles outros directa ou indirectamente relacionados cos anteriores.

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes accións:

- a) Organización de todo tipo de cursos, conferencias, seminarios, debates, etc. acordes coa súa finalidade esencial de promoción e difusión da cultura.
- b) Organización e concesión de distincións, premios e outras cualificacións a persoas e institucións públicas e/ou privadas que destaquen polo seu compromiso coa promoción e defensa dos fins obxecto desta Asociación.
- c) Colaboración e cooperación con accións e actuacións humanitarias e democráticas, de emerxencia ou non, que poidan requirirse desde calquera ámbito ou lugar.
- d) Colaboración e cooperación con todas aquelas entidades públicas ou privadas que poidan desenvolver actividades nos ámbitos cultural, científico ou educativo, principalmente.

- e) Edición de publicacións e información a través de distintos medios e formatos así como realización de exposicións, mostras ou outro tipo de exhibicións relacionadas cos fins da asociación.
- f) Todas aquelas actividades e actuacións en consonancia co mellor cumprimento dos fins sociais e que así se definan pola Asemblea de Socios e/ou a Xunta Directiva.

Artigo 5. A Asociación establece o seu domicilio social na cidade de Santiago de Compostela, Praza de Salvador Parga, núm. 4, 2º andar, código postal 15704, ou aquel en que cada momento se determine pola Asemblea Xeral, e o ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades é a zona de Compostela.

CAPÍTULO II ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 6. A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por un Presidente/a, un Vicepresidente/a, un Secretario/a, un Tesoureiro/a e ata oito Vogais. Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán non retribuídos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de tres anos.

Artigo 6 bis. Tamén poderá representar ao Ateneo o Presidente Honorario, que será nomeado por acordo da Asemblea Xeral e coas funcións que a Xunta Directiva determine.

Artigo 7. Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

Artigo 8. Os membros da Xunta Directiva que tiveran esgotado o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que lles substitúan.

Artigo 9. A Xunta Directiva reunirse cantas veces o determine o seu Presidente e a iniciativa ou petición de tres dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do

Presidente será de calidade.

Artigo 10. Facultades da Xunta Directiva:

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos así como os Balances e Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para determinadas actividades da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de Socios.

Artigo 11. O Presidente terá as seguintes atribucións:

Representar legalmente á Asociación perante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra; ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 12. O Vicepresidente substituirá ao Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que aquel.

Artigo 13. O Secretario terá ao seu cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles aos Rexistros correspondentes, así como o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 14. O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Artigo 15. Os Vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que xurdan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 16. As eleccións á Xunta Directiva serán convocadas cun mínimo dun mes de antelación á data fixada para o escrutinio. Dita convocatoria deberá conter o calendario electoral e as normas complementarias necesarias para un correcto desenvolvemento da elección.

Son electores todos os socios en plenitude dos seus dereitos.

Son elixibles todos os socios de número e fundadores que, estando en plenitude dos seus dereitos, teñan un mínimo dun ano de antigüidade e presenten a súa candidatura en tempo e forma.

A votación realizarase persoalmente mediante papeleta que garanta a liberdade e o segredo do voto.

As candidaturas contarán cun número de membros igual aos postos a cubrir, constando os nomes dos propostos para Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e cinco Vogais.

Artigo 16 bis. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral convocada ao efecto.

CAPÍTULO III A ASEMBLEA XERAL

Artigo 17. A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación e estará integrada por todos os asociados.

Artigo 17 bis. As Seccións son órganos de participación dos socios para a

definición das actividades do Ateneo e para o mellor cumprimento dos seus fins. Abarcarán as distintas áreas de coñecemento nos eidos científico, técnico, literario ou artístico.

A súa creación, modificación e disolución será aprobada pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

Contémplase a figura do Coordinador de Sección, que será elixido polos socios que formen parte da mesma.

Artigo 18. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados.

Artigo 19. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria terán que mediar cando menos quince días, podendo así mesmo facerse constar se procede a data e hora na que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.

Artigo 20. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións.

Precisarase maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Disolución da entidade.
- b) Modificación dos Estatutos.

- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.

Artigo 21. Son facultades da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Elixir aos membros da Xunta Directiva.
- d) Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias.
- e) Disolver a Asociación.
- f) Modificar os Estatutos.
- g) Dispoñer ou allear os bens.
- h) Calquera outra que non sexa competencia atribuída a outro órgano social.

Artigo 22. Requiren acordo da Asemblea Xeral extraordinaria convocada ao efecto:

- a) A modificación dos Estatutos.
- b) A disolución da Asociación.

CAPÍTULO IV SOCIOS

Artigo 23. Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas con capacidade de obrar que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación.

Artigo 24. Dentro da Asociación existirán as seguintes clases de socios:

- a) Socios fundadores, que serán aqueles que participen no acto de constitución da Asociación.
- b) Socios de número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación.
- c) Socios de honra, os que polo seu prestixio ou por ter contribuído de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación sexan acredores de tal distinción. O nomeamento dos socios de honra corresponderá á Xunta Directiva.

- d) Socios protectores, que serán aquelas persoas físicas ou xurídicas que pola súa especial contribución ao sostemento do Ateneo, así sexan considerados pola Xunta Directiva.

Artigo 25. Os socios causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, se deixaran de satisfacer dúas cotas periódicas.

Artigo 26. Os socios de número e fundadores terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- c) Ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- d) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- e) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva de cara ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 27. Os socios fundadores e de número terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.
- b) Abonar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

Artigo 28. Os socios de honra e os socios protectores terán as mesmas obrigas que os fundadores e de número a excepción das previstas nos apartados b) e d) do artigo anterior.

Así mesmo, terán os mesmos dereitos, a excepción dos que figuran nos apartados b) e c) do artigo 26, podendo asistir ás Asembleas sen dereito de voto.

Artigo 29. O exercicio económico será anual e o seu peche producirase o 31 de decembro de cada ano. A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual,

con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O proxecto do orzamento será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do 15 de novembro do ano anterior, de tal xeito que poida ser aprobado na Asemblea Xeral antes do 1 de xaneiro de cada ano.

Artigo 30. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades da Asociación serán os seguintes:

1. As cotas de socios, periódicas ou extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
2. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
3. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
4. Calquera outro recurso lícito.

Artigo 31. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será obxecto de censura e informe por dous socios nomeados previamente pola Asemblea Xeral. Posteriormente serán postas a disposición dos socios durante un prazo non inferior a quince días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 32. Para a disposición de fondos das contas que a Asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta de dous membros da Xunta Directiva, un dos cales necesariamente terá que ser o Presidente ou o Tesoureiro.

Artigo 33. O patrimonio inicial ou Fondo Social da Asociación é de 300 euros.

CAPÍTULO V DISOLUCIÓN


Artigo 34. A Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, de conformidade co disposto no artigo 20 dos presentes Estatutos.

Artigo 35. En caso de disolución, nomearase unha Comisión liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido, destinarao

a fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa. O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación. O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder a inscrición da disolución da asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o que non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.



Praza de Salvador Parga, 4-2º
15704 Santiago de Compostela